



Querida familia:

Como saberedes, dende o 1 ao 20 de marzo é o momento de solicitar praza nos centros escolares para o vindeiro curso. Dende o CRA Boqueixón- Vedra "Neira Vilas" non queríamos deixar pasar a oportunidade de que nos coñecerades e puidésemos ser unha opción máis para vós á hora de escolarizar o voso fillo/a.

As escolas unitarias somos unhas grandes descoñecidas para moita xente, que aínda pensan que funcionamos como hai moitos anos. Conservamos a familiaridade, a metodoloxía por mestura de niveis e a estrutura daquelas, pero agora temos mestres especialistas, somos punteiros en novas tecnoloxías e levamos a cabo moitos proxectos no centro.

Enviámosche un tríptico onde explicamos un pouco máis polo miúdo como é o noso centro e como traballamos. Na súa portada, poderedes coñecernos un pouco máis si accededes ao código QR que aparece, tamén si visistades o noso blog: <http://rukutru.blogspot.com/>, ou mesmo a páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cra-boqueixon-vedra/>. Deste xeito, veredes un pouco máis como levamos a cabo o noso día a día.

Por outra parte, animámose a chamar a calquera das nosas escolas ou ao tlf de dirección, que atoparedes no tríptico, para solventar todas aquellas dúbidas que poidades ter. Agardamos que así o fagadesjjj

Sen máis reciba o meu máis cordial saúdo

A directora



Mª Elena García Iglesias

C.R.A.  
BOQUEIXÓN-VEDRA  
"NEIRA VILAS"

PERÍODO DE ADMISIÓN

**PLURINFANTIL** Somos un centro plurinfantil que ofrece unha área de infantil na lingua inglesa e contamos no centro con auxiliar de conversa.




**PLURINFANTIL**  
Centro de Infancia e Aprendizaxe en Inglés Neira Vilas

**Sección Bilingüe.** Impartimos aos nosos alumnos/as de primaria a área de educación plástica en inglés.

**Proxecto PLAMBE.** É un proxecto de mellora de biblioteca xa que consideramos que o gusto pola lectura é primordial na formación do alumnado.



**Proxecto Voz Natura:** Co que queremos concienciar aos nenos/as sobre o cuidado do medioambiente, facendo especial fincapé nas hortas que temos nas escolas e nos diferentes talleres de comida saudable.



**Voz Natura**



**Plan Proxecta: Xogade:** combina o programa deportivo, lúdico e participativo para os escolares.



⇒ Do 1 ao 20 de marzo  
ábrese o período para  
**SOLICITAR PRAZA** nos  
centros educativos

Convidámose a que nos coñezas máis visitando a  
nosa páxina web :

[www.edu.xunta.es/centros/craboqueixonvedra](http://www.edu.xunta.es/centros/craboqueixonvedra)

Para calquera dúbida ou aclaración, non  
dubides en contactar con nós:

Escola de Camporrapado.-649737678

Escola de Sergude.-616440472

Escola de Lestedo.-616440474

Escola de San Xián.-689593583

Escola de San Fins.-628984564

Escola de Sarandón.-661180447

Dirección.-616440471

**Educando en familia**  
Coñécenos vendo o vídeo no  
seguinte código QR




## AS NOSAS ESCOLAS



O noso CRA formouse no ano 2006 e forman parte del seis escolas, tres do concello de Vedra ( Sarandón, San Fins e San Xián) e tres do concello de Boqueixón ( Sergude, Lestedo e Camporrapado). Pertencemos ó claustro do centro **15** mestres/as As nosas **escolas son dixitais**, contamos con encerado dixital interactivo en todas as aulas, ordenadores de mesa, ordenadores portátiles e tablets.

## A NOSA OFERTA

Ademáis das clases coa súa titora/titor



o noso alumnado, tanto de educación infantil como de primaria, contan coas seguintes especialidades:



Lingua Inglesa



Educación Musical



Educación Física



Formación Religiosa ou Atención educativa.



Contamos con departamento de orientación. Polo que, no caso de precisar atención personalizada, o alumnado ten á súa disposición sesións individuais de Audición e Linguae e Pedagoxía terapéutica

## OS NOSOS PROXECTOS

de de Escolas na rede

Proxecto **REDE ESCOLAS NA NUBE**. Os nosos nenos/as de entre 3-7 anos que xa manexaban os ordenadores e os encerados dixitais sen ningunha dificultade para as súas tarefas diarias de clase, agora contan cun escritorio virtual o cal acceden tanto dende a escola coma dende a casa a todo o material ( vídeos, xogos, fichas, traballos,...) todos eles relacionado cos diferentes contidos que estamos a traballar. Posibilitando así mesmo o traballo colaborativo entre a escola e a familia.

Proxecto **ROBOTICRÁ**. A robótica é unha temática que nos ofrece un gran abano de posibilidades para desenvolver co alumnado. Creemos que o importante non é aprender robótica, que tamén, se non aprender coa robótica.

Proxecto **Intercultural**. Acerquemos ao alumnado diferentes culturas a través do voluntariado de Don Bosco

Programa europeo de froita e leite na escola. Durante 2 períodos de 10 e 20 días respectivamente, o alumnado disfrutará de froita e leite na hora da merenda.

Así mesmo, contamos en todas as escolas con biblioteca de aula, salas de xogo e psicomotricidade, cunha dotación importante de xogos educativos, multimedia e outros recursos.